

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DE SERVICIOS NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.



Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades que conceden os artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co que dispoñen os arts.15 a 19 da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servicios ou a realización de actividades administrativas de competencia local "nas escolas deportivas municipais", que se rexerá pola presente ordenanza, atendendo as súas normas ó que prevé o artigo 58, en relación co artigo 20.4 v), ambos da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, de acordo coa modificación que establece a Lei 25/98, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público.

Artigo 2º.- Feito Impoñible

Constitúe o feito imponible deste tributo a prestación de servicios nas escolas deportivas municipais.

Ditos servicios continúenos :

- Iniciación predeportiva.
- Iniciación polideportiva.
- Ensino de kárate.
- Ensino de fútbol sala.
- Ensino de baloncesto.
- Ensino de tenis.
- Ensino de fútbol.
- Ensino de hockey.
- Ensino de patinaxe.

Artigo 3º.- Obriga de contribuír.

A obriga de contribuír nace coa iniciación da prestación dos servicios, aínda que se poderá esixir o depósito previo do seu importe total coa súa solicitude.

Artigo 4º.- Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos coa obriga do pagamento da taxa que regula esta ordenanza, os que se beneficien dos servicios ou actividades que preste ou realice o concello a que se refire o artigo 2º.

Artigo 5º.- Base imponible e liquidable

A base imponible constituírse polo núm. de persoas que utilicen o servico e o tempo de estancia no establecemento.

Artigo 6º.- Cota tributaria

A contía da taxa que regula esta ordenanza será a que se fixa na seguinte tarifa:

CONCEPTO	IMPORTE
Por alumno e curso	2 535 ptas.

(O curso terá unha duración que irá dende o mes de outubro ata o mes de xuño).

Artigo 7º.- Obriga de pagamento.

O pagamento da taxa efectuarase no momento de

matricularse nos ensinos que se impartan.

Artigo 8º.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do que prevé esta ordenanza estarase ó que dispoñen os artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICION DERRADEIRA

O texto da presente ordenanza fiscal substitúe e derroga ó da anterior que aprobou o Pleno en sesión de data 25.11.1999 e entrará en vigor e será de aplicación ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

O alcalde

O secretario

DILIXENCIA:

Para facer constar que o texto da presente Ordenanza publicouse íntegramente no B.O.P. núm. 55 con data do 8 de marzo do 2000.

O secretario,